

6. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. 2018-19

1.- INTRODUCCIÓN.

Considéranse Actividades Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Así cabe considerar:

- Visitas
- Traballos de campo
- Viaxes de estudo
- Conmemoracións

No caso de actividades complementarias que suporían a saída do centro de alumnos menores de idade, requirirase a correspondente autorización escrita dos seus pais/nais ou titores legais.

Considéranse Actividades Extraescolares as organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar. Están encamiñadas a potenciar a apertura do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade, e o uso do tempo libre.

Realízanse fóra do horario lectivo, teñen un carácter voluntario para todos os alumnos e alumnas do centro.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasa o alumnado para a superación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

A planificación de actividades extraescolares e complementarias que se realizan no IES Arcebispo Xelmírez I é froito do convencemento de que o ensino debe:

1.- Estar baseado nos principios de democracia e participación dos membros da comunidade escolar, de onde se derivan a responsabilidade de cada un/unha no desempeño do seu cometido e o respecto mutuo.

2.- Ser pluralista, con aceptación de todas as posibilidades de pensamento, de xeito que ninguén será discriminado por razón das súas ideas, conviccións, raza...

3.- Fomentar o sentido crítico do alumnado.

4.- Fomentar o sentimento científico e humanista e buscar o desenvolvemento harmónico da personalidade do alumnado.

5.- Fomentar a igualdade de sexos e o rexeitamento explícito de actitudes e comportamentos sexistas.

6.- Promover accións encamiñadas a impedir calquera tipo de violencia, especialmente a de xénero e a xenófoba.

7.- Fomentar a solidariedade, a colaboración, a axuda mutua e o compañeirismo, a puntualidade e o respecto, a tolerancia e o respecto aos demais, e o espírito de traballo e de superación.

2.- AS SAÍDAS.

Normas Xerais

1.- Con anterioridade á realización das viaxes, faranse reunións informativas con pais/nais/titores/as e seralles enviada información escrita sobre a actividade a realizar.

2.- Os pais/nais/titores/as entregarán unha autorización, por escrito, para que o seu fillo/a/titorando/a realice a viaxe; nesta autorización deberá constar, ademais, que o pai/nai/titor/a, exime ao profesorado acompañante das responsabilidades que se deriven dun comportamento anómalo do seu fillo/a/titorando/a

3.- Cada viaxe terá un plano cos obxectivos, as actividades e a temporalización da mesma.

4.- O alumnado comprometerase a cumprir as normas de cada viaxe e o profesorado responsábel poderá, se o comportamento dalgún alumno/a non é o axeitado, impor as sancións que considere oportunas, e, en caso extremo, enviar o alumno/a á casa polo procedemento que contemple a lei.

5.- Por mal comportamento ou por mal rendemento académico o Equipo Docente, e/ou o Equipo Directivo, poderá decidir penalizar sen unha viaxe concreta a algún alumno/a ou a todo un grupo.

6.- O profesorado acompañante poderá alterar o plano dunha viaxe se as circunstancias o aconsellan.

7.- Todo alumno/a que por prescrición do médico siga un tratamento continuado ou padeza algunha enfermidade (calquera incidencia relacionada coa saúde) deberá comunicalo de xeito privado aos profesores acompañantes antes de iniciar a viaxe.

8.- Os alumnos/as teñen o deber de coidar e utilizar correctamente as instalacións do hotel, albergue, autobús, museos e demais lugares visitados, cumprindo en cada caso a normativa propia de cada un deles (comportamento correcto coas persoas e instalacións do lugar que se visita). Os alumnos/as, que causen danos, de forma intencionada ou por negligencia, nas instalacións ou no material (individual ou colectivamente), quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación e poderán ser obxecto das medidas correctoras que se consideren oportunas.

9.- Os alumnos/as cumpriran os horarios establecidos, tanto para o desenvolvemento das actividades previstas dentro do programa da viaxe, como para o descanso no hotel, albergue, etc.

Durante o tempo de estancia no hotel, albergue, gardarase a compostura debida, permitindo o descanso de todos os acompañantes do grupo e demais residentes.

10.- En caso de limitación de prazas, aplicaranse os seguintes criterios:

- Para as saídas e intercambios organizados polo centro, (viaxe de 4º da Eso, viaxe a neve e intercambios con Madrid, Salamanca e Como) realizarase un sorteo para determinar o alumnado que pode asistir.
- Nas saídas organizadas polos departamentos (viaxe a Alemaña, intercambio de francés..) respetaranse os criterios establecidos polos departamentos correspondentes.
- O alumnado poderá participar en todas as saídas e viaxes para os cales sexan debidamente seleccionados.

11.- Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

a) Aprobación do Consello Escolar.

b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou titor ou titora legal.

c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada dez alumnos nas viaxes ao estranxeiro.

Relación de saídas previstas de máis dun día

-1- Intercambio con Madrid para o alumnado de 1º da Eso: Instituto Ciudad de los Poetas, 24 alumnos/as, 2 profesores/as, chegada 23-30 marzo, saída 4-11 abril.

-2- Intercambio con Salamanca para o alumnado de 2º da Eso: : Instituto Lucía Medrano, 24 alumnos/as, 2 profesores/as, chegada 24-31 marzo, saída 3-10 abril.

-3- Viaxe cultural de 4º da Eso, aínda sen determinar lugar e data.

-4- Intercambio con Como (Italia) para o alumnado de 1º da Bac: : Instituto San Carlo, 17 alumnos/as, 2 profesores/as, chegada 23-30 marzo, saída 4-11 abril.

-5- Viaxe a Irlanda para o alumnado de 3º da ESO (xa realizado)

-6- Viaxe de estudos a un país de fala alemá: Durante este curso, o Departamento de Alemán pretende organizar unha viaxe de estudos a un país de fala alemá: - Destino:

Alemaña, Austria ou Suíza - Datas: Aínda por determinar, pero posibelmente no segundo trimestre do curso - Participantes: 23 alumnos escollidos entre os matriculados en Alemán no 4º curso da ESO e no 1º do bacharelato que cursasen a materia desde o 1º curso da ESO - Acompañantes: os profesores Laureano Araujo e Sagrario Torrado - Tema central: historia contemporánea.

-7- Intercambio de alumnos/as co Lycée Jean Perrin de Lyon 1 semana en Francia 3º e 4º de ESO. En Francia: 4-11 de abril En España: 9-16 de maio.

-8- Viaxe a París para alumnado de 2º de bacharelato de francés 5-7 días. A partir do 20 de xuño (incluído)

-9- Viaxe a neve (Andorra): organizado polo departamento de Educación Física para o alumnado de 1º de Bacharelato.

-10- Viaxe o CERN de Xenebra para o alumnado de 2º de Bacharelato (xa realizado)

-11- Intercambio con Malaga para o alumnado de 3º da Eso:

-12- Intercambio con Braga, 16 alumas/os e 2 profesoras/es: 2º trimestre

-13- Todas as propostas feitas polos departamentos no apartado correspondente: Courel, Portugal

-14- Todas as saídas relacionadas cos dous proxectos Erasmus do noso centro.

3.- FESTIVAIS E CONMEMORACIÓNS.

Coordenadas polo equipo da Biblioteca e a vicedirección.

CONMEMORACIÓNS	ACTIVIDADES	DATA
Día das Bibliotecas	Visitas ás Bibliotecas de Santiago (Anxel Casal, Fonseca, Historia)	22-26 de outubro
Magosto	Celebración do magosto, con asado de castañas para toda a comunidade educativa	novembro

Mes da Ciencia	Actividades diversas organizadas pola Biblioteca	Novembro
Día en contra da violencia de xénero	Recordatorio das vítimas, presentacións	24 novembro e días anteriores e posteriores
Día Mundial contra a Sida	Actividades na aula	1 decembro
<u>Festival de nadal</u>	O tradicional festival que se celebra no Salón de actos. Tema deste curso: o Bosque	21 decembro
Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto	Actividades na aula, cine, decoración do centro.	26 xaneiro
Día da Paz	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	30 xaneiro e días anteriores e posteriores
<u>Festival de Entroido</u>	Actividades deportivas, xogos populares, concurso de disfraces, concurso gastronómico...	1 de marzo
Día Internacional da Muller Traballadora	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	8 marzo e días anteriores e posteriores
Día do libro	Valorar e coñecer obras relevantes da literatura como mostra destacada do patrimonio cultural.	23 abril e días anteriores
Letras Galegas	Celebración dunhas xornadas adicadas a conmemora o aniversario	18 maio e días anteriores
<u>Festival de graduación do alumnado de 2º de bacharelato</u>	Discursos de despedida dos alumnos, proxeccións, actuacións musicais...	24 maio
Día de Camões e das comunidades portuguesas	Actividade organizadas polo departamento de galego e portugués	11 xuño

4.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS DEPARTAMENTOS E POLA ANPA

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA

- XADREZ
- OBRADOIROS DE GUITARRA
- COMBATE

A ANPA tamén colabora en moitas das actividades ofertadas polo centro: no Magosto, no festival de Nadal, no Entroido e na Graduación do alumnado de 2º de bacharelato. Así mesmo apoia ás actividades deportivas feitas nos recintos da Universidade de Santiago, ao grupo de teatro do centro, as saídas ao Numax e actuación do Día das Letras Galegas.

DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

Á marxe das actividades ordinarias, o Departamento de Alemán ten previsto levar a cabo outras accións das cales ao final do curso se deixará constancia na memoria académica, e das cales aquí salientamos as seguintes:

1. Viaxe de estudos a un país de fala alemá

Durante este curso, o Departamento de Alemán pretende organizar unha viaxe de estudos a un país de fala alemá: - Destino: Alemaña, Austria ou Suíza - Datas: Aínda por determinar, pero posibelmente no segundo trimestre do curso - Participantes: 23 alumnos escollidos entre os matriculados en Alemán no 4º curso da ESO e no 1º do bacharelato que cursasen a materia desde o 1º curso da ESO - Acompañantes: os profesores Laureano Araujo e Sagrario Torrado - Tema central: historia contemporánea

2. Charlas aos pais dos alumnos de 6º curso de educación primaria

Como vén sucedendo desde o curso académico 2003-2004, o profesorado do Departamento de Alemán, acompañado polo director, polo orientador do centro e por colegas doutros departamentos de linguas estranxeiras, desprazarase no inverno ou na primavera de 2019 aos colexios Raíña Fabiola e López Ferreiro para impartir neles unha breve charla informativa aos pais do alumnado do 6º curso da educación primaria sobre a posibilidade que van ter os seus fillos de estudar alemán no Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I. Aproveitarase a ocasión para repartir entre os interesados a folla informativa “A oportunidade de estudar alemán no Instituto Arcebispo Xelmírez I”.

DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

Durante o ano académico 2018-2019, o Departamento de Artes Plásticas ten previsto participar en varias das actividades contempladas no Plano Xeral do centro. Concretamente:

- Visita á Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Visita á Escola de Restauración de Pontevedra.
- Visita á Escola de Imaxe e Son da Coruña.
- Visita ao estudio de efectos especiais e animación "4Ollos" da Coruña.
- Visitas a museos: Marco (Vigo), Fundación Barrié de la Maza e Museo de Belas Artes (A Coruña).
- Visita a Arco (Madrid)
- Visita ao Centro da Estampa (Betanzos).
- Visita á Fundación Manolo Paz (Cambados).
- Xornada de Esculturas de area na Lanzada (Pontevedra).
- Visitas varias a exposicións e museos de Santiago, que trataremos de organizar no momento en que teñamos noticias da celebración dalgún evento artístico que vexamos conveniente presenciar ou visitar cos alumnos.
- Participación en diversos concursos que consideremos interesantes para o alumnado, relacionados coas materias do Departamento.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

E.S.O.

- Itinerario botánico polos parques de Santiago
- Visitas ao MHN da Universidade de Santiago

- Actividades no CIAC do Concello de Santiago
- Itinerario enerxético por Sotavento e outras instalacións: Meirama, Sogama.
- Traballos no horto e xardín dos exteriores do Instituto
- Saídas de campo polo río Sarela
- Intercambio triautonómico con centros de Tenerife e Segovia (Proxecto Climántica)
- Visita combinada Domus-Aquarium Finisterrae na Coruña
- Excursión senderista ás montañas orientais (Courel ou Ancares)
- Estudio de ecosistemas –costeiros, fluviais , boscosos- dentro do proxecto intercentros de Climántica.
- Herborización de plantas silvestres na cortorna do Instituto

BACH.

- Itinerario xeolóxico Serra da Capelada
- Visita E.D.A.R. de Silvouta ou Santa Lucía
- Itinerario xeolóxico pola cidade de Santiago
- Visita a instalacións da Facultade de Bioloxía da U.S.C.
- Observatorio astronómico da Universidade.
- Proxecto Ríos polo Río Sarela.
- Visitas ao M.H.N. da Universidade
- Saídas para traballo de campo polo Val do Sarela-Monte Pedroso
- Itinerario biolóxico Serra do Barbanza- P.N. de Corrubedo.

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN IMAXE E SON

1. Visita á todas as feiras, acontecementos e actividades vinculadas co sector do son e da videoanimación que sexa posíbel en Santiago e a súa bisbarra.
2. Sonorización dos eventos que se desenvolvan no instituto. Entre eles, festival de Nadal, Fin de Curso, festival de teatro en francés, etc...

-

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

· ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE 1º DE BAC.

·

- Para os alumnos de 1º de economía e dentro do primeiro trimestre se programan as seguintes actividades:
 - 1) visita o Mercado de Abastos de Santiago

- . 2) visita o Concello de Santiago de Compostela
- . 3) visita o Parlamento de Galicia.
- . 4) visita o Castelo da Rocha (Santiago)
- . A primeira visita relacionase ca elaboración do plan de empresa. As visitas 2 e 3 relaciónanse ca Unidade Didáctica 9. O Sector Público. O orzamento público. Elementos, proceso de elaboración e funcións. A visita número 4 relaciónase co Gasto Público e a súa incidencia na multiplicación da Renta.
- . Para iniciar o alumnado no proceso de emprendemento, os alumnos de 1º de Economía terán que desenvolver as fases de elaboración dun proxecto empresarial. A idea de negocio fíxase na explotación dun huerto ecolóxico que terán que presentar e defender en clase ante os demais compañeiros de curso. O proxecto o farán en grupos de catro alumnos onde un actuará de lider do grupo. Esta actividade complementaria realízase o longo do curso durante unha hora lectiva cada semana.
- . Este traballo puntuarase con 1 punto na 3ª avaliación, no apartado de actitude.
- . 5) O longo do curso programase unha actividade didáctica en colaboración ca Cámara de Comercio de Santiago sobre a elaboración dun plan de empresa e outra sobre xestión financeira.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

1. Organización de Competicións Deportivas durante os Recreos de **fútbol, baloncesto, voley**,... etc, para todos/as os/as alumnos/as do centro que desexen participar nelas; durante todo o curso lectivo.
2. Práctica da **Natación** na piscina da Universidade de Santiago de Compostela con todo o alumnado do centro que desexe acudir durante dúas ou tres sesións no segundo ou tercer trimestre.
3. Celebración por parte do alumnado do Día da Saúde, facendo actividades deportivas como alternativa para ocupar o tempo de lecer de maneira saudable na clase ese día.
4. En colaboración do Club de Hockey Obradoiro de Santiago, impartiranse no segundo trimestre, a todos os cursos, dúas sesións de clase sobre **Patinaxe e Hockey patíns**.
5. Colaboración co Departamento que o necesite para manter proxectos que se desenrolaban outros anos co noso Departamento.
6. Realización de **Carreiras de Orientación** pola Alameda e o Campus Universitario no terceiro trimestre, para alumnado, en principio, de 4º E.S.O. e de 1º de

Bacharelado, e con posibilidade de incluír máis cursos.

7. Intentarase organizar unha excursión á neve para a práctica do **Esquí** co alumnado de 1º de Bacharelato durante o segundo trimestre (por confirmar).
8. Charla ó alumnado do centro (por determinar) por parte dun gran deportista da Élite.
9. Charla ó alumnado do centro (por determinar) no segundo ou tercer trimestre, por parte dun **Árbitro da liga ACB** de Baloncesto en activo.
10. Exposición e práctica de **Baile Galego** e do noso Folclore Tradicional, no segundo ou terceiro trimestre, por parte da Agrupación Municipal de Música e Baile Tradicional de Cuntis (por confirmar), para o alumnado de 1º de Bacharelato e con posibilidade de incluír máis cursos (por determinar).
11. Exposición e realización dos **Primeiros Auxilios** ante emerxencias no segundo trimestre para o alumnado do centro (por concretar), impartida por expertos/as e profesores/as da Universidade de Santiago de Compostela.
12. Exhibición, explicación e práctica de **Esgrima** Antiga (Espada Longa) por parte da Asociación de Artes Marciais Históricas Europeas de Compostela, durante o segundo ou terceiro trimestre (por concretar), para alumnado de 4º E.S.O. e 1º de Bacharelato, con posibilidade de incluír máis cursos (por determinar).
13. En colaboración coa Asociación Galega de **Fútbol Gaélico** “Estrela Vermella” de Santiago de Compostela, impartiranse dúas ou tres sesións para dar a coñecer e practicar o deporte citado (fútbol Gaélico) para alumnado por determinar durante o primeiro trimestre.
14. Actividade de **Campo a Través** dentro do Programa Xogade de deporte escolar no seu apartado competitivo para alumnado de 1º E.S.O., a realizar no 1º e 2º trimestre.
15. Actividade de **Bádminton** dentro do Programa Xogade de deporte escolar no seu apartado competitivo para alumnado de 1º E.S.O., a realizar no 1º e 2º trimestre.
16. Exhibición de **Bádminton de Competición** pola Fegabad para alumnado do centro (por determinar) durante o segundo ou tercer trimestre (por confirmar).

DEPARTAMENTO DE FILOSOFIA

-Talleres de Escritura Creativa: 6 horas (3 horas por grupo)

- Alumnado de 4º ESO de Filosofía: tema ESTÉTICA

- Profesora: Alicia López Gallego

-**VII Certame de Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez”**: concurso intercentros aberto a toda a comunidade autónoma para o alumnado de Bacharelato, xestionado desde o centro e coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Convocarase no segundo trimestre do curso.

-**Xornadas conmemorativas do Holocausto**: proxección de películas e posterior debate sobre o tema, coincidindo coa data da súa celebración (fins de xaneiro).

-**Charlas e mesas redondas**: a cargo de intelectuais e personas vinculadas á vida cultural, en relación con temas de actualidade que xurdiran.

-**Visitas guiadas**: en colaboración co Departamento de Historia, de cara ao coñecemento do patrimonio artístico da cidade.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES Prevese realizar as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

Física 2º Bacharelato Participación na actividade “Masterclass de Física de partículas” a realizar na Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela (data pendente de concretar polos organizadores). A esta actividade so van, como máximo, 4 alumnos. Química 2º Bacharelato Asistencia ás xornadas de portas abertas do CIQUS, centro singular de investigación da USC. Física e Química 1º de Bacharelato Os alumnos que cursan 1º de Bacharelato, na modalidade de Ciencias, durante este curso académico 2018-2019, visitarán o CERN (Ginebra, Suiza) no primeiro trimestre

do curso 2019-2020. Esta é unha visita que se prepara este curso académico pero que, en realidade, se levará a cabo no próximo curso académico. Visita a NANOGAP (Polígono do Milladoiro, Concello de Ames) 4º ESO Visita a Casa das Ciencias (A Coruña) para os alumnos matriculados na materia de Física e Química. Pendente de concretar. 3º ESO Visita ao MUNCYT (A Coruña). Pendente de concretar. 2º ESO Visita ao Parque Eólico Experimental Sotavento. Pendente de concretar. Visita a Galiciencia (San Cibrao de Viñas, Ourense). Pendente de concretar.

As visitas previstas poden sufrir intercambio de cursos. Así mesmo, poderán organizarse conferencias e actividades de contido científico ao longo do curso.

DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN DE ORIENTACIÓN LABORAL

PRIMEIROS AUXILIOS

Dirixido aos dous cursos de 1º e 2º de CM VÍDEO DISC-JOCKEY E SON (Ordinario e Modular).

Dentro do módulo de FOL hai unha unidade didáctica de primeiros auxilios, sería interesante contar cunha persoa especialista, persoal sanitario, cruz vermella, protección civil... que viñese con material e impartise unha clase práctica ao alumnado. Habitualmente para este tipo de actividades non é necesario orzamento xa que organizacións, como as antes citadas, veñen gratuitamente.

Para realizar na 1ª avaliación.

Tempo estimado para realizalo: 1 sesión de clase ou máximo 2, dependendo do tempo que crea oportuno o especialista.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO(S)	ACTIVIDADE	DURACIÓN	DATA PREVISTA	LUGAR DE REALIZACIÓN	DE
1º e 2º de ESO	Concurso de postais de Nadal	- Preparación previa: 15 minutos - Prazo de entrega : 1	12 - 19 de decembro	IES XELMÍREZ I	

		semana			
2º e 3º de ESO	Teatro: <i>Le petit malade imaginaire</i>	2 horas	28 de xaneiro	Teatro principal (Santiago)	
4º de ESO e BAC	Teatro: <i>Le malade imaginaire</i>	2 horas	28 de xaneiro	Teatro principal (Santiago)	
3º e 4º de ESO	Intercambio de alumnos/as	1 semana en Francia	En Francia: 4-11 de abril	Lyon	
	co Lycée Jean Perrin de Lyon	1 semana en España	En España: 9-16 de maio	IES XELMÍREZ I	
4º de ESO 1º de BAC	Intercambio individual ¹	2-3 semanas en Francia 3 semanas en España	Pendente de negociación	Aurillac / Lyon IES XELMÍREZ I	
Alumnos/as de francés	Matinée Théâtrale	2-4 horas	Entre o 9 e o 16 de maio	IES XELMÍREZ I	
Bacharelato	Viaxe a París	5-7 días	A partir do 20 de xuño (incluído)	París	
4º de ESO e Bacharelato	Participación no DELF SCOLAIRE	Preparación ao longo do curso	Abril - maio (exames)	IES XELMÍREZ I	

1 Actividade proposta polo Lycée Gerbert de Aurillac e polo Lycée Jean Perrin de Lyon (Francia)

Non se descarta a realización doutras actividades culturais que o Departamento estime interesantes, como conferencias, visitas a exposicións, excusións, etc. Estas actividades non se poden determinar de momento pois dependen da programación cultural dos concellos, a universidade, fundacións, etc. Por exemplo, A fundación de Santiago de Compostela soe proxectar ciclos de cine ou de teatro francés na Sede da fundación (versións orixinais subtituladas). Tamén recomendamos ao noso alumnado de bacharelato a asistencia ás películas que se proxecten fóra do horario escolar.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA E PORTUGUÉS

.1.- Colaboración co Equipo de Dinamización e normalización Lingüística en:

- Correlingua
- Festival teatral intercentros.

.2.- Charlas con escritores/as.

.3.- Asistencia a representacións teatrais que haxa en Compostela ao longo do ano 4.- Asistencia a algunha proxección cinematográfica que se considere de interese 5.- Club de debate

.6.- Colaboración con diversas actividades que se realicen no centro, nomeadamente:

- Samaín.
- 25 de Nov.: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres.
- 30 de Xan.: Día escolar da Non- Violencia e a Paz
- Entroido
- 24 de febreiro: Día de Rosalía
- 8 de Marzo: Día Internacional da Muller.
- 21 de marzo: Día da Poesía

- 23 de abril: Día do libro
- Maio: Semana das Letras

1º BACH:

- Percorrido pola lírica medieval en Santiago.

- Encontro con algún/algunha dos/as autores/as das lecturas obrigatorias.

- Contémplase tamén a posibilidade de ver algún filme nos Cines Numax ou Cineuropa e tamén obras de teatro que se oferten no T. Principal ou no Salón Teatro, por ex.

.

.

2º BACH:

.

-Saída a Ourense: Roteiro literario de *A esmorga e* visita á Fundación Otero Pedrayo.

.

- Visita á Fundación Curros Enríquez en Celanova.

.

- Encontro con algún/algunha dos/as autores/as das lecturas obrigatorias.

- Visita á exposición do cadro de Castelao *A derradeira lección do mestre* na Cidade da Cultura.

- Percorrido literario por Rianxo (Manuel Antonio, Castelao, Dieste).

- Contémplase tamén a posibilidade de ver algún filme nos Cines Numax ou Cineuropa e tamén obras de teatro que se oferten no T. Principal ou no Salón Teatro, por ex.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PORTUGUÉS

Para alén de actividades que poidan xurdir ao longo do ano na cidade e relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, charlas, música...), prográmanse as seguintes actividades:

- Conmemoración de datas relevantes para o mundo lusófono.

- Conmemoración de datas que contribúen á formación do alumnado como ser humano (25 de novembro, 30 de xaneiro, 8 de marzo...). Esta actividade poderá realizarse en colaboración coa Biblioteca do IES e/ou con outros Departamentos Didácticos.

- Participación no Proxecto de Radio Escolar *Ponte nas Ondas*.

- Creación dun Grupo de Teatro para representar obras de autores/as lusófonos.

- Representación dunha obra de teatro nalgunha praza ou rúa de Compostela. Procurarase realizar esta actividade nalgunha das datas relevantes para o mundo lusófono, como, por exemplo, o Día de Camões ou o Día da Lingua Portuguesa e a Cultura.

- Creación dun Club de Debate.

- Viaxe cultural dun día de duración en outubro / novembro a algunha vila do norte de Portugal. Poderá participar todo o alumnado que ten portugués como segunda lingua estranxeira. Contémplase a posibilidade de visitar un Centro Educativo da localidade para que se estableza relación entre o alumnado galego e portugués e que este último veña ao noso Instituto.

- Viaxe cultural de dous días de duración na primavera. (O destino está aínda por concretar). Poderá participar todo o alumnado que ten portugués como segunda lingua estranxeira. Contémplase a posibilidade de visitar un Centro Educativo da localidade para que se estableza relación entre o alumnado galego e portugués e que este último veña ao noso Instituto.

- Intercambio co alumnado dunha Escola de Secundaria de Braga no segundo trimestre e/ou principios do terceiro. Poderá participar o alumnado de 2º Ciclo de ESO e Bacharelato. A duración do intercambio sería dunha semana aproximadamente.

- Participación no Programa APorto Júnior que consistirá nunha viaxe de catro días de duración ao Porto a finais do segundo trimestre.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Se proponen para su realización las actividades que a continuación se relacionan:

- Asistencia a representaciones teatrales de obras literarias: *El Lazarillo de Tormes* y *Novelas Ejemplares*, para 3º de ESO y 1º de bachillerato e *Historia de una escalera*, *Bodas de sangre* y *La casa de Bernarda Alba*, para 4º de ESO y 2º de bachillerato, y otras que se nos puedan ofrecer a lo largo del curso)
- Rutas literarias: Ruta rosaliana, Ruta de Valle-Inclán, Museo del libro, Corral de Comedias de Almagro...
- Itinerario por las bibliotecas de la ciudad
- Itinerario literario por Barcelona (espacio narrativo de la obra de Ruiz Zafón)
- Asistencia a sesiones de cine (adaptaciones de obras literarias)
- Concurso literario-fotográfico
- Encuentro literario con alguno de los autores cuya obra haya sido propuesta como lectura
- Conmemoración del día del libro con diversas actividades, como la de Lectura Solidaria, Concurso de Microrrelatos...
- Club de lectura de alumnos.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL

CIDADE: GALWAY (IRLANDA)

DURACIÓN: 8 días / 7 noites

DATAS: 30 de setembro de 2018 – 07 de outubro de 2018

CURSO: 3º ESO

Nº PARTICIPANTES: 53 alumnos, 2 profesores do centro e 2 acompañantes de LK (empresa organizadora)

PROFESORES ACOMPAÑANTES: Carmen Sande (Departamento de Inglés) e Manuel Antonio Fernández (Departamento de Ciencias).

OBXECTIVOS:

- utilizar a lingua inglesa durante a estadia tanto no ámbito familiar coma no académico.
- integrarse e coñecer a vida cotiá e familiar e participar dos seus costumes.
- coñecer aspectos da cultura irlandesa: música, deportes, comida...
- visitar lugares de interese histórico e cultural: Galway, Connemara.

PROGRAMA:

ARCEBISPO XELMIREZ I – GALWAY – SETEMBRO – OUTUBRO 2018								
	DOMINGO 30	LUNS 1	MARTES 2	MÉRCORES 3	XOVES 4	VENRES 5	SÁBADO 6	DOMINGO 7
MAÑÁ	ARRIVAL 12:20 DUB T1	CLASSES	CLASSES	CLASSES	CLASSES	CLASSES	FULL DAY EXCURSION TO CONNEMARA	TRANSFER TO DUBLIN FLIGHT DEPARTURE 6:55 DUB T1
LUNCH		LUNCH	LUNCH	LUNCH	LUNCH	LUNCH		
TARDE	TRANSFER TO GALWAY	GALWAY TOUR	GALWAY CATHEDRAL	GALWAY AQUARIUM	FILM CLUB	GALWAY MUSEUM		
CEA	DISTRIBUCIÓN, ORIENTACIÓN E NOITE COAS FAMILIAS	CEA	CEA	CEA	CEA	CEA	CEA	
NOITE		NIGHT WITH FAMILIES	SELFIE KONTEST	NIGHT WITH FAMILIES	GAMES	NIGHT WITH FAMILIES	NIGHT WITH FAMILIES	

DURHAM

Este curso, alumnos e alumnas de 2º da ESO conectarán a través dunha plataforma en rede cun centro de Durham (Inglaterra). Esta actividade terá lugar unha vez cada quince días, de maneira que durante media hora usarán o inglés e a outra media hora, o castelán.

PROXECTO: NUMAX NA ESCOLA

LUGAR: sala de cine NUMAX (Santiago de Compostela)

ALUMNADO: ESO e BACHARELATO

PROXECCIONS: unha ao trimestre para cada curso. Tentarase levar aos cursos agrupados de dous en dous: 4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato. O número de películas e grupos dependerá do interese das películas que se oferten.

CUSTO: 4,80 por alumno/a.

OBXECTIVOS:

- Inculcar o amor ao cine participando do visionado de películas contemporáneas, especialmente cine de estrea e reposición de cine clásico, nunha sala da nosa cidade.
- Entrar en contacto coa lingua inglesa a través do cine en versión orixinal.
- Entender o cine como arte, técnica e medio de expresión.
- Estimular a capacidade crítica como espectadores.
- Aprender a interpretar a nosa historia a través do cine.

STORYTELLING (CONTACONTOS)

Propoñemos realizar unha actividade de contacontos destinada ó alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.

CHARLAS TEMÁTICAS DO PROGRAMA “A PONTE”

Cando se convoquen estas actividades, pretendemos solicitar algunha charla deste programa.

FÚTBOL GAÉLICO

En colaboración coa Asociación Galega de Fútbol Gaélico “Estrela Vermella” de Santiago e co Departamento de Educación Física deste Centro, impartiranse dúas ou tres sesións durante o primeiro trimestre dirixidas a alumnado de niveis por determinar, para dar a coñecer e practicar este deporte.

SAIDAS EXTRAESCOLARES

No que respecta ao alumnado da quenda de adultos, este apartado queda aberto no caso de que xurda algunha actividade específica.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

- Saídas didácticas ao observatorio Ramón Alller
- Saída co alumnado de 4º da eso para medir arbores e edificios na unidade de trigonometria.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

- Saídas didácticas aos Concertos do Auditorio de Galicia. (dependendo da programación do Auditorio).
- Saídas didácticas "A música da natureza", coa chegada da Primavera nos arredores do Instituto, escoitar os sons e melodías dos paxaros de Santiago.
- Charlas, conferencias, concertos no Instituto. (dependendo da oferta).

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Actividade	Destinatarios	Participa/Colabora	Data
▪ Charla pais grupos ESO	Pais/nais	Titor/Orientador	1º trimestre
▪ Programa: Corta coas Desigualdades	2º ESO	Atelier Social - Concello de Santiago	1º / 2º Trim.
• Teatro foro	3º e 4º ESO	Concello de Santiago	2º Trim.
• Emocionadxs	1º ESO	ICE - USC	2º/3º trimestre
• Información académica	1º Bacharelato	Orientador/ titores	1º / 2º trimestre
• Temáticas sanitarias (tres charlas no ano)	ESO / Bach/ FP/ ESA	Colexio Oficial de Farmacéuticos	1º / 2º/ 3º trimestre
• Información académica e profesional	ESA	Orientador	3º trimestre
▪ Obradoiro "Convivencia, valor da diversidade"	3º ESO,	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º , 2º Trimestre

▪ Obradoiro “Gustarnos” (imaxe corporal e autoestima)	3º ESO	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º, 2º Trimestre
• Proxecto desenvolvemento vocacional	ESO (grupos con alumnado de NEAE)	COCEMFE-COGAMI	2º/3º trimestre
• Obradoiro: “Afectividade e sexualidade”	3º ESO	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º, 2º Trimestre
• Obradoiro: Imaxe corporal e autoestima	3º ESO	Centro Quérote+	2º , 3º Trimestre
• Correspondientes xuvenís 3.0	Alumnado ESO	Xuventude.net / Plan PROXECTA	1º , 2º e 3º Trim.
• Obradoiro “ eu paso de movidas, e tí?”	4º ESO	Igaxes3- concello	2º trimestre
• Novas tecnoloxías	1º ESO	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
• Violencia de xénero	2º ESO	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
• Acoso escolar	3º ESO	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
• Drogas/alcol	4º ESO	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
▪ Visita ao Campus da USC: Programa “Encontros na USC”	1º Bach.	Universidade de Santiago	2º Trimestre
Orientación académico e profesional	Alumnado ⁱ	Titores/ Orientador	2º /3º Trimestre
• Información proba final	2º Bach.	Orientador/ profesorado	1º e 3º trimestre
• Violencia de xénero	ESA, Ciclo GM	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
• Obradoiro: Prevención do consumo de alcol	3º ESO	Centro Quérote+	2º trimestre
Xornadas de Orientación	4º ESO/Bach./FP/ESA	Centros educativos de Galicia/ Estudantes /USC/ Profesionais diversos	2º Trimestre

Programa de formación e información sobre drogas	4º ESO, ESA	IGAXES/UMAD	2º Trimestre
Charla centros adscritos	Alumnado de 6º EP / familias	Profesorado de linguas estranxeiras / Director/ Orientador	2º Trimestre
• Información itinerarios educativos, optatividade e aplicación calendario da LOE.	Familias de 2º e 3º ESO	Orientador	2º trimestre
• Información académico profesional	Familias 4º ESO	Orientador	3º trimestre

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

As saídas extraescolares este curso van a estar suxeitas a oferta que haxa na nosa cidade. exposicións, conferencias e visitas organizadas polas diferentes institucións e organizacións de interese para os nosos alumnos e axustadas a nosa programación.

.Previsión de actividades:

- .--Visitas a Catedral de Santiago de Compostela
- .--O alumnado da ESO participará no Proxecto da Vigairía de Ensinanza e Catequese de Santiago de Compostela: *Buscando a Xesús. Itinerario de arte, cultura e relixión en Compostela*
- .--O alumnado de bacharelato participará nun percorrido por Santiago para estudar os procesos relixiosos nos diferentes períodos históricos na nosa cidade en coordinación co departamento de Xeografía e Historia.
- .Ademais o departamento de Relixión realizará como todos os anos actividades en colaboración ca ONG Entreculturas: na SAME (Semana Mundial pola Educación) no mes de abril,
- .--Encontros da Rede Solidaria da Mocidade no mes de novembro e maio e outras actividades dentro e fora do centro, maiormente en horario non léctivo.
- .Tamén realizaremos actividades propostas por UNICEF relacionadas cos Dereitos dos nenos.

- .Durante o curso estaremos pendentes das diferentes propostas de exposicións ou actividades realizadas en Santiago e organizadas por diferentes asociacións, organizacións, entidades, concello, etc...de interese para o noso alumnado e en concordancia co noso currículo.
- .Salientar a grande dificultade que supón o feito de que a única profesora do departamento de relixión, comparte o seu horario lectivo co IES san Clemente, o que dificulta moito a organización e posta en práctica das actividades extraescolares.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

- 1º E.S.O.
 - Castro de Vilalonga .
 - Mercado romano/ Tapas/ Vocabulaio carteis/ Maqueta.
 - Intercambio con Madrid.
 - Posíbeis saídas a Laxe, Lugo, Arousa, Ribeira do Miño, Ourense e Celanova.
- 2º E.S.O.
 - La Cerca de Santiago.
 - Castelo da Rocha
 - Viaxe a Tui e Baiona
- 3º E.S.O.
 - Percorrido por Santiago
 - Visitas ao Parlamento ou ao concello
 - Percorrido polo polígono industrial
- 4º E.S.O.
 - Rueiro de Santiago/ Compostela.
 - Visita da cidade do Ferrol
- 1º BAC.
 - Faramello, pazo industrial.
 - Visita da cidade do Ferrol
- 2º BAC.
 - Percorrido polo plano

5.- OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER CONTINUADO AO LONGO DO CURSO

ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

No primeiro trimestre o Equipo de Biblioteca presentará ao alumnado novo as súas instalación, fondo e normas.

No primeiro trimestre, en colaboración co ENDL, preténdese impulsar a divulgación científica coa celebración de talleres, gynkanas científicas e actividades diversas baixo o título “**Mes da Ciencia**” .

- Ciclo de cine con filmes que sexan adaptacións literarias.

- En colaboración coa ANPA , seguiremos coa actividade dos MÉRCORES DE XADREZ. Ademais de organizar nos recreos dos mércores partidas simultáneas, seguimos cos CAMPIONATOS DE XADREZ .

- Organización de actividades para conmemorar efemérides: a idea que temos é deseñar actividades usando o **teatro** como fío conductor de todas elas para conmemorar:

- * Promover saídas aos teatros da cidade ao longo do curso (o 2 de outubro en colaboración co Departamento de Galego, iremos ao Salón Teatro a presenciar a obra do Centro Dramático Galego)

- * Día da Biblioteca (24 de outubro): itinerario de bibliotecas pola cidade co alumnado de 2º ESO.

- *Samaín: actividade cinemaliteraria co alumnado de 1º ESO.

- * Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro): exposición e performance.

- * Día Escolar para Paz e a Non Violencia: actividades diversas.

- * Entroido: exposición de máscaras tradicionais.

- * Día Internacional da Muller (8 de marzo): exposición e performance.

* Día do Libro e os dereitos de autor (23 de abril): concursos, pretendemos seguir coa actividade da “Lectura Solidaria” que consistirá, básicamente, en entreter con contos e poemas á xente enferma dos hospitais. Solicitamos permiso do Consello Escolar para esta actividade externa.

* Mes das Letras galegas (maio): actuación teatral, exposición. Tríptico. Itinerario por Celanova (visita á Fundación). Teatro.

- Continuaremos cos dos dous clubs de lectura: alumnado (e pais/nais) –**MerLÍN e familia**- e adultos –**Palabras compartidas**-.

Pretendemos realizar, ao fin de curso, un roteiro literario por Barcelona por mor da lectura de libros de Ruiz Zafón, e outro que xurdan segundo as lecturas seleccionadas dous clubs.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

As actividades que o Equipo de Dinamización Lingüística programa para o ano académico 2018-2019 son as seguintes:

.Materiais bibliográficos.

Tal e como aconteceu xa en cursos anteriores, o Equipo de Dinamización Lingüística ten interese en participar na dotación de materiais bibliográficos e videográficos en galego con valor didáctico e demandados pola comunidade educativa. Por isto procuramos ir informando das novidades editoriais que vaian saíndo ao mercado e poñendo en coñecemento da comunidade educativa todas as adquisicións que se realizan.

Establécese unha colaboración activa cos clubs de lectura, tanto co club de lectura de alumnos/as como co club de lectura de pais e nais, a fin de introducir obras de lectura en galego, ben orixinais de autores galegos, ben traducións. Así, incentivamos a lectura, favorecemos a mellora das habilidades lectoras na nosa lingua e poñémola en valor como lingua de cultura.

Este curso tentaremos incrementar a adquisición de exemplares de banda deseñada en galego, e de autores e autoras galegos en xeral, conectando así ao noso alumnado e profesorado co certame AX1, que este curso cumprirá o seu 7º aniversario.

Esta actividade afecta a totalidade do alumnado do centro, e tamén a aquelas familias vencelladas ao club de lectura da biblioteca do centro.

- **Teatro.**

En colaboración coa Vicedirección do centro e co departamento de galego, continúaase este curso co grupo de teatro *Vai no dentista* que procurará levar adiante a montaxe dunha obra dramática en galego.

Con esta obra participaremos no *XXIV Certame de Teatro*, coorganizado polos Equipos de Dinamización dos Institutos de Santiago que se celebrará previsibelmente no mes de abril ou maio de 2019. Vai xa para catro anos que, coa

colaboración dos técnicos de educación do Concello de Santiago e do Teatro Principal, conseguimos darlle un pulo e anovar este certame, convertíndoo nun festival de teatro escolar. O curso pasado traballamos na mesma liña, e observamos que este novo formato trae consigo un incremento da participación. Así pois, imos seguir traballando neste proxecto, co fin de acadar o obxectivo que nos marcamos: que os alumnos e alumnas da nosa comarca se sintan artistas por un día, que vexan reflectido o traballo de todo o curso enriba dun escenario tan espectacular como é o Teatro Principal de Santiago de Compostela, e que non só os seus compañeiros e compañeiras acodan ao teatro a velos, senón tamén os sus familiares, de xeito que o convertimos nunha actividade para a toda a comunidade educativa.

Esta iniciativa innovadora dos EEDDLL de Santiago merecería, pola súa singularidade e pola alta rendibilidade normalizadora entre ao alumnado, un apoio económico especial por parte da administración educativa; non esquezamos que o teatro é un xénero de grande interese cultural que convén potenciar desde a etapa de formación e unha alta porcentaxe de rapaces e rapazas ten poucas posibilidades e pouco ou ningún hábito de asistir a unha representación teatral.

✦ **Viaxe a Porto co grupo de teatro Vai No Dentista.**

Esta actividade xa tentamos levala a cabo sen éxito o curso pasado. Este curso

imos volver a intentalo: participar no TEATRANDO, en Porto, Encontro Internacional de Teatro Escolar, está organizado polo TNE (Grupo de Teatro da Escola Básica e Secundária de Campo) e o TEBAS (Grupo de Teatro da Escola de Sobrado), e ten como obxectivo proporcionar aos alumnos e alumnas actores a posibilidade de compartir momentos de convivencia e de formación. A idea básica é a de integrar os cativos e cativas no medio cultural teatral e darlles mecanismos e ferramentas para mellorar o desempeño do seu labor dentro dos respectivos grupos.

Facebook: <https://www.facebook.com/encontroteatroescolar/>

- Participación no 12º Festival Internacional de teatro amateur Soukani Ostrov 2019, en Ostrov, REPÚBLICA CHECA.

Chegounos información da existencia deste festival na República checa, e pensamos enviar unha solicitude.

[https://teatroaficionado.blogspot.com/2018/08/12-festival-internacional-de-teatro.html?utm_source=feedburner&utm_medium=email&utm_campaign=Feed:+blogspot/CyVS+\(Teatro+aficionado\)](https://teatroaficionado.blogspot.com/2018/08/12-festival-internacional-de-teatro.html?utm_source=feedburner&utm_medium=email&utm_campaign=Feed:+blogspot/CyVS+(Teatro+aficionado))

- **Divulgación de información sobre cuestións sociolingüísticas.**

Documentación.

Ao longo do curso facilitaráselle ao profesorado, ao persoal non docente e tamén ao alumnado documentos con información en materia lingüística que consideramos interesante.

Do mesmo xeito, distribuirase entre o alumnado tanta información sobre premios, certames e concursos musicais e literarios vaian chegando ao centro, nomeadamente do Premio Ánxel Casal, coorganizado polo Concello de Santiago e un instituto da nosa cidade, os premios Buero de teatro xoven e de narrativa en galego, e a participación como xurado nos premios San Clemente.

- **Taboleiro da lingua.**

O Taboleiro da lingua é unha das actividades máis antigas do E.D.L. pois expóñense nel as noticias que, aparecidas nos principais xornais, revistas, e tamén na internet, teñen na lingua a materia central, suscitando o interese do alumnado e mantendo constantemente unha información completa e actualizada sobre a dinamización, os seus problemas e dando cabida tamén a artigos de opinión que xiran arredor da problemática lingüística.

Esta actividade implica preferentemente aos membros do equipo de normalización que se encargan de recoller a información nos distintos medios.

✦ Actualización da páxina WEB.

Participar na páxina web do centro e incorporar información sobre o Equipo de Dinamización Lingüística; incluír tamén cumprida información das transformacións legais no eido da normalización. Esta información estrutúrase nos seguintes apartados:

Presentación: Explicación sobre os Equipos de Dinamización, compoñentes, funcións, etc.

Publicacións realizadas: Información sobre o contido e características das Axendas e Revistas editadas coas obras gañadoras dos certames postos en marcha no centro.

Outras actividades: Teatro, Receitarios, Certames, Correlingua,...

Taboleiro da lingua: Incorporación da información sobre a lingua que vaia aparecendo na prensa.

Lexislación: Información sobre as leis vixentes nas que se reflicten os dereitos lingüísticos.

Enlaces con outras páxinas web de interese: *www.bivir.com* (Bivir: Biblioteca virtual), Biblioteca da Universidade da Coruña, *consellodacultura.gal* (Consello da Cultura Galega), *armandorequeixo.blogaliza.org* (*Blog Criticalia* que ofrece Artigos

de actualidade, lecturas recomendadas e ligazóns), ...

- **Axenda escolar 2018-2019.**

Ao final do pasado curso 2017-2018 o EDL púxose mans á obra para realizar unha nova axenda escolar. Esta idea xa se realizou no IES Xelmírez I nos cursos 2000-2001, 2001-2002, 2008-2009, 2011-2012, 2012-13, 2013-14, 2014-2015, 2015-2016 e 2017-2018 .

Dado que os “pais” desta actividade, Pilar Reino e Xerardo Rodríguez, se xubilaron nos anos 2017 e 2016 respectivamente, o equipo decidiu homenaxealos reeditando a primeira e a segunda das axendas que eles deseñaron, as primeiras axendas que utilizaron os alumnos e alumnas do Xelmírez.

Afortunadamente, igual que nos pasados anos académicos, contamos coa promoción da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo esta actividade, sen cuxa subvención non se podería ter feito.

Este curso escolar, cara ao final do mesmo, realizaremos de novo o esforzo necesario para levar a cabo unha axenda escolar que responda ás necesidades do noso alumnado para o curso que vén.

Coa axenda escolar buscamos dous obxectivos:

- 1.- Servir de estímulo educativo na medida en que axuda aos escolares a

organizar as súas actividades.

2.- Incluir información diversa sobre acontecementos, persoas e organizacións que se caracterizaron pola súa actividade en defensa da dignificación e ampliación de usos para a lingua galega.

Esta actividade incide en toda a comunidade educativa:

a) No alumnado, que é o seu primeiro destinatario pois os contidos da axenda salientan a valoración positiva da lingua e da cultura galegas.

b) No profesorado, tamén destinatario da axenda pois lembra a vinculación coa lingua galega de figuras eminentes da nosa sociedade que destacaron en campos diversos ao longo da historia. Parece evidente que se esas personalidades amaron e empregaron o galego, non debe haber motivos para non o facermos nós.

c) Na situación lingüística do centro, pois vincula a lingua aos quefaceres cotiáns.

d) No contorno sociolingüístico do centro pois nos fogares e no círculo de relacións sociais de alumnado e profesorado esperta interese e contribúese, así, á divulgación da nosa cultura.

- **PLC.**

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, di no seu artigo 14 o seguinte respecto do PLC:

Artigo 14º.-

Proxecto lingüístico de centro.

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos

de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

Os pasados cursos 2015-2016 e 2016-2017, coa implantación da LOCE e todas as modificacións do currículo que trae consigo, tivemos que levar a cabo a tarefa de redacción das respectivas addendas ao documento, en colaboración cos departamentos de linguas do instituto e da dirección do mesmo. No presente ano escolar 2018-2019, pasados xa os catro anos de vixencia do PLC e analizados os datos recabados polo EDL durante o pasado curso, procederemos á redacción dun novo documento.

✦ **Colaboración no festival de Nadal do alumnado de réxime ordinario.**

Todos os cursos realizamos no centro un festival de Nadal, que se celebra o derradeiro día lectivo do ano, e no que o alumnado fai gala das súas habilidades en diferentes campos da arte. Velar por que o fagan respectuosamente e polo emprego do galego neste acto, do que tamén poden os alumnos e alumnas extraer ensinanzas, é tarefa de varios profesores e profesoras que

voluntariamente lle adican horas do seu tempo a este labor. O Equipo de Dinamización súmase a este grupo de docentes para colaborar e coordinar con eles este evento.

✦ **Colaboración coas actividades da biblioteca.**

Este curso estreitaremos a colaboración coa biblioteca do centro. Participamos en todas as reunións, e traballaremos conxuntamente nas diferentes actividades que esta poña en marcha. Máis concretamente, pensamos traballar xuntos nos seguintes proxectos:

1. Ciencia en galego.- xa o curso pasado pensamos en realizar esta activiade, pero a falta de tempo e a cantidade de saídas e outros proxectos que tiñan os compañeiros das áreas de matemáticas, CC. NN., e física e química, impediunos levala a cabo. Este curso, coa axuda da coordinadora da biblioteca, que pertence ao dpto de matemáticas, esperamos poder poñer en marcha un novo programa de actividades, que lle permita ver e comprender ao alumnado que o galego non se circunscribe exclusivamente ao labor narrativo e os debates, senón que se pode abrir e enriquecernos tamén no mundo científico.

As actividades que pretendemos botar a andar son as seguintes:

- Xogos matemáticos.- Animaremos ao alumnado, en sesións de 1 hora, a

divertirse a través de xogos de lóxica, inxenio e probabilidade adaptados aos distintos niveles dos participantes.

- Experimentos.- Convidaremos aos rapaces e rapazas a deixar saír ao científico que levan dentro e a experimentar no laboratorio e o taller de tecnoloxía.
- Ponencia sobre matemáticas galegas.- Temos en a figura dun compañeiro, profesor de matemáticas, que escribiu un libro sobre matemáticas galegas, e imos intentar que veña ao instituto a falarlles ás e aos alumnos sobre este tema tan interesante, e que representa un dos puntos fracos nas competencias lingüísticas galegas do alumnado .
- Debates de ciencia.- En pequenos grupos, o profesorado presentará distintos fitos fundamentais da historia científica, inventos que mudaron a nosa vida. Como e por que sucedeu así?

2. Celebración do día da eliminación da violencia contra a muller. Traballaremos conxuntamente para que o 25 de novembro sexa un día de reflexión e concienciación para o alumnado do centro.

3. O Día Internacional de Conmemoración anual en memoria de las víctimas del Holocausto, o 27 de xaneiro.

4. O 8 de marzo celebraremos por todo o alto o Día internacional da muller.

5. Conmemoración do Día do libro o 23 de abril.

6. E outras moitas efemérides.

✧ **Celebración da semana das Letras Galegas.**

1.- Durante toda a vixésima semana do ano 2019, que abrangue do 13 ao 19 de maio, o equipo de dinamización, xunto co departamento de lingua galega, a dirección do instituto e a biblioteca, realizarán actividades de distinta natureza, enfocadas a estudar e salientar a figura do historiador Antón Fraguas.

María Victoria Moreno soubo tamén transmitir a paixón pola lingua e a literatura como profesora, tanto nas clases de lingua galega semiclandestinas que impartía gratuitamente nos anos 70 en Pontevedra (Asociación de Amigos da Cultura, 1971-1974), Vilagarcía de Arousa (1973-1975) ou Ourense (Ateneo, 1974-1975) como nas oficiais de Lingua e literatura españolas que deu durante décadas no ensino secundario. No eido educativo asinou, ademais, libros de texto que aínda hoxe se consultan.

- **Correlingua 2019.**

Igual aos anos anteriores, os Equipos de Dinamización Lingüística dos Centros

de ensinanza secundaria da Comarca de Santiago, proxectamos continuar participando na actividade lúdico reivindicativa “Correlingua”; a pesar das trabas que experimentou esta actividade en anos anteriores, o interese co que o alumnado segue esta carreira non competitiva é razón suficiente para continuar con este acto simbólico en defensa do idioma.

Para a organización do Correlingua agardamos poder contar coa colaboración do Concello de Santiago, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e coa Mesa pola Normalización Lingüística. Do mesmo xeito un número importante de editoriais e librarías colaboran gratuitamente con libros e outros materiais.

Nesta actividade participan uns 150 alumnas e alumnos de 1º e 2º de E.S.O.

✦ *VII Certame de Banda Deseñada AX1.*

No curso 2012-1013 fraguose no ies Arcebispo Xelmírez I a posta en marcha dun certame de banda deseñada aberto a todo o alumnado, de réxime xeral e de adultos, de toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Este proxecto, que contou co praxe e inestimable colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levouse a cabo baixo a estreita colaboración do equipo de dinamización da lingua, o departamento de debuxo e artes plásticas, os membros da dirección do centro, a responsable da biblioteca do centro, e diversos integrantes da comunidade

educativa.

Este curso pretendemos lanzar xa a sexta edición deste certame de banda deseñada que tan boa acollida tivo tamén o curso pasado.

- Este ambicioso certame busca como obxectivo principal a ligazón dun xénero que cautiva aos rapaces e rapazas de hoxe en día coa lingua galega. Por outra parte, o cómic é un xénero moi versátil, que vencella intimamente as artes plásticas, a literatura, a cinematografía e as novas tecnoloxías, e que demanda nos autores non só imaxinación e habilidades artísticas, senón tamén capacidade de concreción, de organización e de disposición.

▲ Organización do T.A.L.

O Tándem de Activación Lingüística é unha interesante iniciativa pensada para familiarizar coa lingua galega as persoas de fóra de Galicia que apenas a empregan. A incorporación ao noso centro de alumnado estranxeiro obríganos a adoptar esta medida de integración. O tándem consiste na organización de parellas que se comprometen a reunións periódicas nas que a lingua de comunicación sexa o galego. Desta maneira a/o alumna/o estranxeira/o vai adquirindo a lingua e a/o alumna/o galega/o vai borrando o prexuízo lingüístico que asocia o galego co local e o internacional co español.

OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante o curso a vicedirección organizará diversas charlas e visitas para o alumnado relativas a temas transversais no currículo, algunhas das que estamos negociando serían.

- Os riscos de Internet: charlas informativas/formativas impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas á comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
- Consumo responsábel
- Celebración do Día da ciencia en galego
- Charla de ex-parlamentarios.

Proxecto: Numax na Escola

LUGAR: sala de cine NUMAX (Santiago de Compostela)

ALUMNADO: ESO e BACHARELATO

PROXECCIÓN: Unha por curso, en coordinación cos titores

CUSTO: 4,80 por alumno, a Anpa colaboraría cun 1,8.

A formulación da actividade divídese en **dúas partes**:

1. Ofrecer aos docentes unha unidade didáctica elaborada especificamente para cada filme, con contidos, recursos e actividades para que poidan traballar co alumnado nas aulas antes e despois da proxección do filme en NUMAX.

Os títulos son de especial interese para traballar tanto contidos curriculares como

eixos transversais

2. A asistencia ao Cinema NUMAX, onde se proxectará o filme seleccionado.

1.2.1 OBXECTIVOS:

- Inculcar o amor ao cinema participando do visionado de películas contemporáneas, especialmente cine de estrea e reposición de cine clásico, nunha sala da nosa cidade.
- Entrar en contacto coa lingua inglesa a través do cine en versión orixinal.
- Entender o cine como arte, técnica e medio de expresión.
- Estimular a capacidade crítica como espectadores.
- Aprender a interpretar a nosa historia a través do cinema.

PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos da administración autonómica **dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros públicos** a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as **competencias básicas** e a **educación en valores**.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de **programas externos** que leven á motivación e ao traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, o obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante **proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual** que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

Do mesmo xeito, o noso centro solicitou participar nos seguintes proxectos, aínda que, dado que o proceso de inscrición aínda non rematou, non descartamos máis inscricións:

2. O Proxecto Salvavidas: coordinadora, prof. Rosa María López.

ⁱ O alumnado de 4º ESO realiza un Programa específico más amplo.